

Num. 281



Outubro 2010

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas

29-S: O AGRO CONTRA A DITADURA DOS MERCADOS



FRANQUEO
CONCERTADO
F.C. NÚM. 15000077



O Sindicato Labrego Galego apoiou a folga xeral do 29 de setembro con cinco manifestacións simultáneas en cinco cabeceiras de comarca

O pasado 29 de setembro, a sétima folga xeral na curta historia da democracia no Estado Español paralizaba tamén Galiza. No rural, o Sindicato Labrego Galego foi a única organización agraria que se botou ás rúas para protestar por unha situación

crítica na que nos estamos a xogar o estado democrático e de benestar. Cos prezos de ruína que nos impoñen, co sistema público de pensións ameazado, e diante do desmantelamento progresivo e a privatización dos servizos públicos, as cinco manifestacións organi-

zadas polo Sindicato Labrego estiveron máis que xustificadas para facerlle fronte ás políticas neoliberais que nos levaron a esta crise. O berro ergueuse en Betanzos, A Estrada, Vilalba, Ordes e Ourense; pero as reclamacións foron para toda Galiza. **Páxs. 4 e 5**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto e Xosé
García Rodríguez

Colaboracións: Carme Freire,
Lidia Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xoán Monasterio,
Charo Sánchez Parga, Xabier
Gómez Santiso, Ana Rodríguez,
Diego Sánchez Agra e Sandra
Varela.

Deseño e maquetación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez e
Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso,nº22, baixo. Tif. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º.Tif: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrechán B. Tif: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTIf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax: 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrechán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

2 / SUMARIO

nº 281
Outubro de 2010



Editorial, pax. 3

■ Fronte á ditadura dos mercados: Democracia e participación social!!

Razóns e claves polas que o Sindicato Labrego Galego tomou parte activa
nas mobilizacións con motivo da folga xeral do 29 de setembro.



Galiza, paxs. 4, 5, 6, 7 e 8



■ **O SLG levou a folga xeral ás principais comarcas agrarias:** crónica e
claves das mobilizacións levadas a cabo polo SLG en Betanzos, A Estrada,
Vilalba, Ordes e Ourense con motivo do 29-S

■ **O futuro que se leva o vento:** Reportaxe sobre o impacto do parque eólico
de Vilamartíño (Val do Dubra e A Baña) nas actividades agropecuarias.
Entrevista a Fina e Cándido, afectad@s

■ **Transxénicos:** Irregularidades na experimentación con OXMs en Galiza.
■ **Onde van o 771.966 € do Plan Leader de Verín?**

Sectores Gandeiros, pax. 9, 10, 11 e 12

■ **Oficina Agraria Virtual.** Créase a posibilidade de facer xestións
administrativas a través de Internet, pero o 64% das explotacións galegas
seguen sen acceso a banda ancha.

■ **Novas mobilizacións no sector leiteiro:** Boicot cidadán contra as
empresas que teiman en manter o leite na franxa dos 28 céntimos.

■ **Lingua azul:** En Francia, gáñanlle a batalla á vacina obrigatoria.



Sectores Vexetais, paxs. 13 e 14



■ **Viño.** Postura do Sindicato Labrego diante da proposta de subir os rendemen-
tos das viñas da denominación de orixe Rías Baixas.

■ **Plan de Apoio ao Sector do Viño do SLG.**

■ **Kiwi:** O kiwi galego en perigo por culpa das prácticas comerciais de Kiwi
Atlántico.

■ **Desbroces:** Irregularidades na limpeza baixo as liñas eléctricas de Muxía.

Mulleres, páx. 15

■ **Agrotóxicos.** Glifosato: o herbicida de Monsanto que non acaba coas
herbas e si coa saúde.

■ **Encontro de COAG.** Aberto o prazo de inscrición para aquelas afiliadas
que queiran participar no Encontro Anual de Mulleres que a COAG celebrará
en Valencia a finais de outubro



Montes, pax. 16

■ **Certificación FSC.** Charo Sánchez Parga, da Executiva do SLG, pasa a formar parte da xunta
directiva da certificación forestal sustentable FSC. Ocupará o posto de secretaria.

Aldea Global, páx. 17

■ **Gales.** Viaxe formativa de vinte gandeiros e gandeiras do SLG a Gales para estudar xeitos
anovadores de comercializar o leite.



Eira, páxs. 18 e 19

■ **Convocatoria de axudas económicas:** a banca alternativa e solidaria
de Fiare, xornadas formativas sobre a historia do Sindicato Labrego
Galego, etcétera.

■ **Anuncios compra/venda/troco das nosas explotacións**

Contracapa, páx. 20

■ **Campaña contra os transxénicos no agro
galego.** Listaxe das marcas comerciais de millo
transxénico MON 810 comercializadas en
Galiza.



Fronte á ditadura dos mercados: Democracia e participación social!!

A democracia está en xogo. Nos últimos tempos, asistimos a debates nos que se pretende reducirnos á cidadanía a meros electores e electoras, votantes de catro en catro anos.

É preocupante o ataque, fascista en toda regra, co que se pretende deslexitimar a articulación da sociedade e as súas organizacións, sobre todo cando facemos algo máis que participar nun *paripé* electoral e queremos facerlle chegar a nosa voz aos gobernos.

É responsabilidade social, imprescindible en democracia, facerlle fronte ás decisións que os gobernos toman en función dos grandes poderes económicos e especulativos e non en función da cidadanía que os votou. É obrigado saír ás rúas cando seguimos asistindo aos ditados do Fondo Monetario Internacional (FMI) ou da Unión Europea (UE) -aos que, por certo, non votamos-, e vendo como se destina o diñeiro público dos nosos impostos, froito do noso traballo, a salvar os grandes beneficios da banca ou das empresas privadas; en troques de recuperar a banca pública para que os cidadáns e as cidadás poidamos ter acceso real ao crédito.

É obrigada a loita contra o desmantelamento do sistema público de pensións e a privatización á que nos dirixen para teñamos que pagar por servizos de todo tipo e, así, consolidar o de “quen pode que pague” pola saúde, pola educación, pola atención aos nosos maiores, etcétera.

É imprescindible a denuncia de a onde nos leva a desregu-

lación dos mercados que nos queren ofrecer como libre competencia; os labregos e as labregas xa sabemos ben o que quere dicir nos alimentos esa liberdade: prezos de miseria para nós e marxes de escándalo para os consumidores e as consumidoras.

Outro exemplo de desregulación: o mercado da electricidade, cada trimestre “máis libre” para impoñernos subas da luz desde todas as empresas, sexa cal sexa coa que teñamos contratado o subministro.

E agora xa se empeza a falar e a legislar, sen rubor, para converter un recurso público como é a auga en obxecto de mercado, queréndonos facer pagar un canon ¿para quen?, ¿para que? Loita grande a que se nos avciña. ¿Canto van tardar en cobrarnos por respirar?


Neste panorama é imprescindible, máis que nunca, outra política agraria, económica e social: mais non só é imprescindible, senón que tamén é posible. Vexamos. Sen ánimos triunfa-

listas, só temos que lembrarnos do que hai un ano, case unanimemente, nos repetían no sector do leite: hai que asinar e propiciar acordos, aínda que non sirvan para moito, porque as leis son as que son e non permiten poñer prezo ao noso traballo. Hoxe, os mesmos e as mesmas están a falar de mudar as leis, mesmo as da competencia, para ter un prezo que poñer en acordos onde hai un ano era imposible.

Ás claras queda que, coa loita, en democracia, vaise avanzando e facendo posible o que parecía inmutable.

As mobilizacións, as folgas, as loitas, tamén nun sistema democrático (no que seica vivimos) no só son lexítimas, senón tamén necesarias.

Nestas andamos e seguiremos a andar os e as que cremos que, con ou sen subvencións, a articulación social en organizacións é incuestionable fronte á ditadura dos mercados e de quen a sustenta.





Para o SLG, a folga xeral do 29-S foi unha oportunidade para amosar a súa frontal oposición ao recorte de servizos públicos, á privatización da asistencia ás explotacións, á dictadura dos mercados que se traduce nos prezos de miseria que padecen todos os sectores produtivos, e ás serias ameazas que está a sufrir a democracia. Na imaxe, cabeceira da manifestación en Betanzos, que contou coa participación tamén da CNT

O SLG levou a folga xeral do 29-S ás principais comarcas agrarias

Cinco manifestacións en defensa da democracia, dos prezos, dos servizos públicos e das pensións

O pasado 29 de setembro, a sétima folga xeral na historia da democracia no Estado paralizaba tamén Galiza. Mentres que nas grandes cidades os obreiros e as obreiras, e tamén a cida-

danía en xeral, tomaban as rúas para protestar contra os recortes sociais do Goberno de Zapatero; o Sindicato Labrego Galego era a única organización agraria que facía o mesmo no

rural. Cinco manifestacións en Betanzos, A Estrada, Vilalba, Ordes e Ourense para dicir non a unha política que vai camiño de aniquilar os dereitos da cidadanía.

Grazas ao SLG, a folga en Galiza non foi só obreira; tamén foi labrega. E non era para menos. En xogo están servizos públicos esenciais para o medio rural e para as explotacións que o Goberno de Madrid e a Xunta pretenden desmantelar.

As cinco manifestacións organizadas en cabeceiras de comarcas agrarias mobilizaron a labregos e labregas, pero tamén a parte importante da cidadanía, nunha loita que, ademais de común,

é absolutamente necesaria. Para a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, estamos a sufrir “unha absoluta perda de democracia” xa que “as decisións que nos afectan á cidadanía en xeral, e no rural en particular, están cada vez tomándose máis lonxe de nós, dos nosos gobernos”. A este respecto, Freire preguntábase “de que nos serve en democracia poder escoller a un goberno, se logo ese goberno co único que negocia, precisamente, é con quen non

o votou, con grandes poderes moi lonxe de onde está a cidadanía que o votou”. Daquela, a reivindicación central do Sindicato Labrego, o 29 de setembro, foi que “os gobernos galego, español e europeo teñen que, dunha vez por todas, servir para a súa cidadanía e pór solucións enriba da mesa que sirvan para nós e non para eses grandes poderes”.

■ Táboa reivindicativa.

O 29-S, o SLG botábase á rúa cunha táboa reivindicati-

va ben clara:

- Prezos dignos para os nosos produtos.
- Control e regulación da produción e do mercado.
- Prohibir a especulación cos alimentos,
- Manter os servizos públicos de proximidade no medio rural.
- Recuperar os servizos públicos de atención ás nosas explotacións.
- Banca pública.
- Pensións de xubilación dignas aos 65 anos.

“Non se pode solucionar unha crise comprometendo o benestar das persoas”

Indo ao miolo, o SLG fixo públicas tres demandas irrenunciáveis. A primeira, a necesidade dunha nova Política Agraria Común (PAC) que contemple uns prezos dignos que remuneren o traballo dos labregos e das labregas, amais do control e a regulación da produción e dos mercados.

En segundo lugar, por freo ao desmantelamento de servizos públicos que se está a sentir con especial agudeza no rural. Servizos coma o asesoramento e atención ás explotacións, cada vez máis privatizados; ou servizos coma o transporte e os comedores escolares, o coidado da rapazada e das persoas maiores, ou a atención sanitaria, que están a sufrir unha desfeita no rural.

Semella que a solución para a crise que nos propoñen os gobernos é a de pagala toda a cidadanía cos impostos e aturando todos eses recortes sociais; en troques de pagala quen a provocou, nomeadamente especuladores financeiros e banca.

Finalmente, o SLG manifestou a súa radical oposición a calquera recorte no sistema público de pensións ou no aumento da idade de xubilación. A este respecto, expresaba a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, que “no agro, onde temos as pensións máis baixas de todos os sectores, aínda por riba se nos fala de atrasar a idade de xubilación e de cotizar máis tempo para termos dereito a unha pensión. Este é un ataque importantísimo ao estado de benestar, que se está comprometendo en aras de darlle diñeiro público a mancheas aos poderes financeiros, ao sector automobilístico, á banca, etcétera. Non se pode solucionar unha crise compro-



metendo o benestar das persoas, máxime cando as persoas precisamos ter unha vida digna cando rematamos a nosa vida laboral”.

Neste senso, outra das demandas concretas que facía o SLG para rematar coa crise era a de crear unha banca pública para que as clases obreira e labrega, e tamén as pequenas empresas e autónomas, “poidan ter acceso ao crédito sen ter que estar a, día de hoxe, comprometendo a viabilidade de tantos postos de traballo e, no caso do agro, de tantas explotacións que, neste intre, están a piques de pechar”.



De arriba a abaixo, e de dereita a esquerda, as manifestacións que o Sindicato Labrego fixo en Ourense, Betanzos, Vilalba, Ordes e A Estrada con motivo da folga xeral do 29 de setembro.

Cándido Iglesias Turnes, gandeiro de Cabanas (A Baña) afectado polo proxecto dun parque eólico

“Os parques eólicos non dan servizos nin infraestruturas e ocupan as nosas fincas”

Dende 1970, Cándido e Fina rexentan unha granxa familiar de leite en Cabanas (A Baña). Daquela, na parroquia, unhas sesenta familias se dedicaban á gandería. Cando o seu fillo se sumou á explotación, no 2000, xa como SAT Iglesias, só quedaban dez. Tras corenta anos de actividade, traballan agora dúas cortes cuns 160 animais e enfrontan un futuro incerto: á crise do sector lácteo hai que engadirlle o Parque Eólico de Vilamartiño, da empresa Galenova, que afecta aos concellos de A Baña e Val do Dubra e bate de fronte cos intereses gandeiros da zona.

■ Como afecta o parque eólico á vosa explotación?

Cóllenos uns 4.000 m² para vías de servizo nunha finca, a maiores de 1.000 m² para as gabias que canalizarán a electricidade. O camiño que teñen previsto que cruce a nosa finca quedará sempre ao servizo da empresa. Aínda que poidamos circular por el, a prioridade de uso será sempre da empresa.

Nin sequera sabemos os cartos que ofrecen porque ninguén se dirixiu a nós para informarnos. Fálase duns 2 euros por metro cadrado. É unha cantidade ridícula para unha finca de 3.5 hectáreas que está a prado e na que producimos forraxe. A nós aféctanos moito porque partirían en dous unha finca grande, dificultando o seu traballo e incrementando os custes de produción.

■ E iso despois de tantos anos de investimento e traballo.

Levamos anos loitando para manter a nosa explotación, investimos para modernizala, compramos cota de produción, ampliamos as cortes, constituímos unha Sociedade Agraria de Transformación (SAT) e, despois de todo este esforzo, en vez de apoio, atopámonos con este parque eólico que pon en perigo a viabilidade da nosa explotación, e todo para o beneficio dunha empresa.

■ Obterá algún beneficio disto a veciñanza?


Penso que os parques eólicos, deseñados polas empresas para o seu lucro, afectan negativamente ao campo: non melloran as infraestruturas, non dan servizos, ocupan as fincas e imposibilitan outros

usos. De aí que me opoña, porque é un dano que fan na nosa explotación para beneficio privado, non para dar un servizo público nin para mellorar a parroquia.

■ Falando da parroquia, como lle afecta o parque?

O parque eólico estará nunha zona alta que abastece de auga ás casas e ás explotacións; tememos que, cando furen para construír as bases de formigón dos aerogeneradores, case seguro que os mananciais de auga se verán afectados. N'A Baña non temos abastecemento de auga pública e as explotacións gandeiras padecen a falta dun caudal de auga suficiente para manter aos animais. Coa construción do parque, este problema agravarase.

As aldeas desaparecen porque a xente nova non ten calidade nin medios de vida e marcha ás cidades. Coas molestias que de seguro vai xerar este parque, tan preto das casas, especialmente polo ruído, só vai quedar aquí quen non teña máis remedio.



Cándido rexenta, xunto á súa muller Fina e o seu fillo, unha explotación leiteira afectada de cheo polo parque eólico de Vilamartiño

“Non se lle notificou nada ás persoas afectadas nin se contou nunca con elas”

■ E que fan a Xunta ou os concellos diante de todo isto?

Cáseque darlle os parabéns á empresa, que xa ten aprobado o estudo de impacto medio ambiental e todos os permisos sen case terlle dado información á veciñanza. O proxecto do parque estivo a exposición pública no concello no 2007, pero non se lle notificou directamente ás persoas afectadas, nin se contou con elas para nada. A información deuse por canles que non chega á xente do campo coma o Diario Oficial de Galicia (DOG), nos taboleiros do concello... Non lles interesa que esteamos informados.

■ E a falta de información a quen beneficia?

A empresa dirixiuse primeiro á xente que lle cae un muíño na súa finca, ofrecéndolle unhas cantidades fixas ao ano, pero moi lonxe da riqueza xerada. Despois, tocoulle á xente con fincas afectadas por vías de servizo, cunha cantidade máis ben baixa. E despois está o resto, moita xente á que non se lle comunicou nada. Queren pechar contratos rápido para que non sexamos quen de xuntarnos e falar dos nosos intereses, do que queremos para a parroquia no seu conxunto, que sofre as consecuencias sen obter ningún beneficio.

“Non queremos que o parque vaia para adiante, pois destruíría o noso modo de vida”

■ **Nin sequera mellorará o abastecemento eléctrico?**

Esa xente pon un parque eólico para producir enerxía, que logo cobran, sen que a nós nos repercuta para nada, nin no consumo das explotacións, nin no custe da enerxía eléctrica en xeral, que temos que seguir pagando a prezo de ouro... Dinnos, ademais, o que custan as nosas terras, cun prezo marcado por eles moi á baixa e coa ameaza da expropiación se non estamos de acordo.

■ **Como lle gustaría que se resolvese o conflito?**

Deberíamos loitar con todos os medios contra o parque eólico, para que marche para outras zonas con montes máis illados, onde non teña repercusión sobre a calidade de vida da xente, sobre os mananciais, sobre o medio ambiente e, especialmente, que non afecte polo tema do ruído. E para que as persoas que vivimos e traballamos no rural, que producimos alimentos, non teñamos que acabar marchando.

■ **Que actuacións levástedes a cabo diante desta agresión?**

Ao comezo, creamos unha comisión de persoas afectadas entre a veciñanza coa pretensión de que a xente non asinase individualmente os contratos; queríamos que empresa se vise obrigada a negociar colectivamente a través desa comisión. Tamén queríamos presionar aos alcaldes para que defendesen os intereses dos veciños e das veciñas, e non das empresas que veñen explotar os nosos recursos.

Pero agora pensamos que o noso futuro non é negociable. Non queremos que o parque eólico vaia para adiante, pois destruíría o noso modo de vida.

O futuro que se leva o vento

O Sindicato Labrego Galego denunciou a indefensión da veciñanza afectada polo proceder da compañía eléctrica Eólica Galenova SL, entidade privada (filial de Caixanova para a explotación eólica) que, dende o 2007, ten admitido a trámite un parque eólico de 19 aeroxeneradores que afectará ás parroquias de Cabanas, Lañas, Marcelle e Barro, do Concello de A Baña; e ás parroquias de Rial e Coucieiro, de Val do Dubra.

Como ten ocorrido historicamente con outras iniciativas de explotación privada dos recursos naturais da Galiza, a desigualdade de trato e de ofertas que a empresa lle está dando ás persoas afectadas polo parque ten un único obxectivo: dividir aos veciños e veciñas, xerar confusión e acadar sinaturas rápidas e pouco informadas que subscriban os contratos de arrendamento, acudindo moitas veces á ameaza da expropiación.

Dende o Sindicato Labrego Galego, diante da actitude ostentada por Eólica Galenova SL, lembramos que as empresas non teñen capacidade legal de expropiación, mal que lles pese a moitas. Só a Administración pode ditaminar a expropiación para aqueles proxectos ou obras que sexan declaradas bens de utilidade pública, título co que non conta o Parque Eólico de Vilamartiño.


“Con proxectos coma este, estase limitando o uso das mellores terras agrícolas, primando outros intereses económicos que empeoran a calidade de vida e expulsan xente do rural”

E se temos en conta, ademais, que se trata dun parque achegado ás casas -coas seguintes molestias de ruído-, con moitas posibilidades de afectar aos mananciais de auga, e que ocupa terreos de vital importancia para as explotacións gandeiras da zona, dende o Sindicato Labrego Galego esperamos que, a tenor da lóxica do “interese xeral”, a declaración de ben de utilidade pública non chegue a concederse.

Con proxectos coma este estase limitando o uso das mellores terras agrícolas, primando outros intereses económicos que empeoran a calidade de vida e contribúen a expulsar poboación do noso rural. E faise isto en lugar de apoiar un modelo de uso baseado na produción de alimentos, que xere mellores condicións de vida e fixe poboación no rural.

Unha vez máis, vemos como á Administración serve de parapeto aos intereses das empresas e non da xente. O pastel do vento en Galiza repartiuse no 2000 coa concesión de dereitos de explotación a diversas empresas, que os utilizaron para especular e facer negocio coas revendas. Son os grandes magnates como Amancio Ortega, as principais compañías eléctricas e outras empresas que nada teñen que ver co sector, as que se veñen beneficiando a través dos distintos concursos eólicos resolto ate o momento.

Esta aposta política por un modelo de explotación eólica en forma de parques industriais está pechando as portas a outros modos de uso dos recursos, coma o agrario ou o gandeiro. A enerxía eólica é unha fonte de enerxía limpa; se se apostase por un modelo a pequena escala, centrado máis no autoabastecemento que na exportación, sería máis que interesante. Pero, coma sempre, o ritmo marcado polos intereses económicos das grandes corporacións é outro, e a enerxía que se produce vai dirixida, no meirande, á exportación e ao enriquecemento duns poucos, os de sempre. Este modelo non deixa beneficios no territorio que ocupa nin na poboación que ten que padece os seus prexuízos. Polo tanto, é preciso que, como os veciños e veciñas de Cabanas, nos preguntemos que futuro queremos para o noso rural, ameazado con converterse nun deserto eólico, e loitemos por el.



Irregularidades na experimentación a ceo aberto con transxénicos en Galiza

Na finca de ensaio con OXM en Mesía rebrotou o millo cando debería ter sido totalmente destruído

A denuncia da falta de control e seguimento sobre a experimentación con organismos xeneticamente modificados (OXM) en Mesía (A Coruña) revelou os fortes intentos por ocultar

as irregularidades que arrodean a experimentación transxénica. A pesares de que o Ministerio de Medio Rural e Pioneer deron por rematado o ensaio, o millo volveu rebrotar, con

risco de contaminar fincas veciñas. Cando todo isto se ía denunciar pola Plataforma Galega Antitransxénicos, da que o SLG forma parte, os rebrotos desapareceron misteriosamente.

O pasado 15 de setembro, no marco do seguimento que a Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) está a facer da única parcela -segundo o Ministerio- para experimentación transxénica concedida en Galiza (en Mesía, a cargo da multinacional PIONEER), confirmouse o crecemento de rebrotos dos cultivos malia que, segundo informou o Ministerio de Medio Rural, este ensaio fora destruído de xeito prematuro o 12 de agosto, xa que "debido ás condicións climatolóxicas, o nacemento das plantas de millo foi moi desigual".

O rebrote deste millo transxénico constitúe, entre outras, unha forte ameaza ás plantacións de millo convencional próximas (moi abundantes na zona de Mesía), xa que a contaminación ten lugar mediante a polinización (vento, abellas), incontrolábel a ceo aberto.

Pasadas menos de 48 horas, e diante desta situación de alarma, a Plataforma Galega Antitransxénicos rexistrou a primeira hora da mañá do 17 de setembro dúas solicitudes de información dirixidas á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, da Consellaría do Medio Rural; e ao Presidente do



As plantas de millo transxénico volveron nacer libres para contaminar os arredores

Consejo Interministerial de Organismos Modificados Genéticamente, do Ministerio de Medio Rural.

Acto seguido, ese mesmo día, convocouse unha rolda de prensa na propia leira experimental de Mesía con só dúas

horas de antelación. O obxectivo deste encontro cos medios de comunicación era denunciar publicamente a total ausencia da execución dos protocolos de precaución normativos e a falta de control sobre a destrución do experimento. Deixáronse só dúas horas de marxe entre a convocatoria e a rolda de prensa para que ninguén destruíse antes as evidencias de rebrotos transxénicos atopadas na finca. Nembargante, cando se chegou de novo á leira, os pés de millo rebrotados foran retirados a man.

■Control e vixilancia dos movementos sociais.

Este suceso fala por si só do control e vixilancia ao que están sometidas as iniciativas en contra da imposición da tecnoloxía xenética. A Plataforma Galega Antitransxénicos, que a día de hoxe xa agrupa a 46 colectivos de toda Galiza, expresou que este intento de bloquear unha denuncia pública sobre a negligencia demostrada nas medidas de control obrigatorias na experimentación con transxénicos, "reforza a nosa loita e danos máis azos para seguir facendo fronte ás multinacionais da manipulación xenética e aos gobernos que as apoien".

No pasado verán, o Sindicato Labrego puxo de manifesto estraño funcionamento da Asociación Monteval, grupo de desenvolvemento rural que xestiona os fondos do Programa Leader 2007-2013 na comarca de Verín.

Esta asociación xestiona case catro millóns de euros de fondos públicos, segundo o plan financeiro que aparece na páxina web de AGADER. Neste mesmo plan, para o período 2008-2013 figura que para proxectos denominados "produtivos" están previstos 2.315.898,74 euros, e para os "non produtivos" 771.966,25.

O 15 de setembro de 2009

Onde van os 771.966 euros do Plan Leader en Verín?

abriuse convocatoria para que os interesados e interesadas puidesen presentar proxectos financiábeis polo Leader, produtivos ou non produtivos, nalgún dos tres eixes que a Asociación presentou na súa estratexia de desenvolvemento: dinamización do sector agrario e forestal, mellora medioambiental e do contorno rural, ou diversificación da economía rural

e mellora da calidade de vida. A data final de admisión de solicitudes será o 1 de setembro de 2013.

Desde que se abriu a convocatoria, Monteval non fixo difusión do Leader nos concellos implicados (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita) para que as persoas, empresas ou aso-

ciacións interesadas en realizar proxectos poidan saber que posibilidades teñen, e en que condicións, de financiarse.

Podería ser que aínda non tivesen tempo de realizar esta difusión, pero a alarma soou cando se soubo que a Asociación Monteval está a dicirlle á xente que xa non hai cartos para os proxectos non produtivos.

Diante disto, o SLG pregúntase: en que proxectos se gastaron os 771.966,25 euros que había de fondos públicos para os proxectos non produtivos? Como foi publicitado e quen soubo deles?

Nace a Oficina Agraria Virtual co 64% das explotacións gandeiras sen banda ancha

A comezos de agosto, comezou a funcionar a Oficina Agraria Virtual (OAV). Este servizo da Consellaría de Medio Rural servirá para xestionar, a través de Internet, declaracións de

altas por nacemento de animais, movementos de entrada e saída de reses, a solicitude de guías, documentos de traslado, etiquetas da letra Q, etcétera. Trátase dunha acción que,

sendo positiva, nace lastrada polas deficientes infraestruturas que padece o noso medio rural: na Galiza, o 64% das explotacións gandeiras non teñen acceso a banda ancha.

A propia Xunta de Galiza, nun informe de decembro de 2009 sobre a situación da banda ancha no país, revelaba as deficiencias existentes neste servizo a pesares dos investimentos millonarios que levan feito o Ministerio de Industria, a propia Xunta, as deputacións e algúns concellos. Ao 64% das explotacións gandeiras que non teñen acceso á banda ancha, habería que engadir 150 centros de saúde e 300 centros educativos. Nin os concellos se libran desta carencia, cun 53% que carecen dun acceso a Internet de suficiente cali-

dade para realizar, axeitadamente, a súa tarefa administrativa; nin as bibliotecas, con carencias en banda ancha un 18%.

A estes datos poderíamos engadir os do Anuario Económico de La Caixa do ano 2008, onde cita municipios enteiros nos que non existe conexión algunha á banda ancha: Agolada, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Entrimo, Irixo, Laza, Manzaneda, Muiños, Paderne de Allariz, Porqueira, Rairiz de Veiga, Ramirás, Toen, A Veiga, Toques, Cervantes, Navia de Suarna e Ourela están entre eles.



O pasado 21 de abril, o SLG xa alertara ao subdirector xeral de Gandería sobre as dificultades de acceso a Internet no rural galego

O proceso de identificación por crotais será máis doado

Unha das tarefas que os gandeiros e gandeiras poderán xestionar a través de Internet será a identificación da súa cabana gandeira. Para poder facelo, a persoa interesada deberá acudir á oficina agraria comarcal para que lle entreguen os crotais. Tamén na oficina agraria lle facilitarán unha clave para que poda acceder, a través de Internet, á Oficina Agraria Virtual. O seu enderezo é <http://emediorural.xunta.es/oav/>.

As persoas que non teñan Internet poderán seguir identificando aos animais como viñan facendo ata o de agora, chamando ao Centro de Información ao Agro Galego e recibindo despois, por correo, os documentos para a identificación bovina (DIB) se vai ser o propio gandeiro ou a propia gandeira quen poña os crotais; en caso contrario, farano os servizos veterinarios.

Para o Sindicato Labrego Galego, esta é unha acción que suporá un aforro significativo e máis comodidade para moitas explotacións, cumpríndose así unha vella demanda

desta organización sindical. Sen ir máis lonxe, o pasado 21 de abril, un grupo de gandeiros e unha gandeira do interior de Pontevedra, xunto co responsable de Vacún de Carne do SLG, Adolfo Cabarcos, reuníronse co subdirector xeral de Gandería, Manuel Castro-Gil, para tratar, entre outras, esta cuestión.

Naquela xuntanza falárase da dificultade que terían os gandeiros para facer a identificación de xeito informatizado, xa que a cobertura de Internet no rural adoita a ser moi deficiente, cando non inexistente. A maiores disto, Cabarcos e os gandeiros alí reunidos tamén lle fixeron ver a Castro-Gil que as dificultades na identificación de animais seguirían existindo para boa parte do sector que non tivo contacto coa informática, especialmente a xente de maior idade.

Nesta reunión, o subdirector xeral tamén se comprometeu a que, naqueles lugares que fiquen lonxe de máis da oficina agraria comarcal, se poidan facer os trámites para a identificación

■ Máis de trinta anos coa identificación de animais

Corría o ano 1977 cando entrou en vigor a normativa de identificación individual de cada bovino. A nova lei obrigaba a que cada animal tivese que posuír un documento onde constasen os seus datos: número de crotal da res e da nai, data de nacemento, enderezo, código de explotación agraria, etcétera. Este traballo realizárono, dende o comezo, veterinarios que traballaban para a Xunta. Este feito resultaba problemático, pois os gandeiros e as gandeiras tiñan que estar pendentes do día que lles viña o veterinario; nas explotacións extensivas, por riba, tiñan que ter recollidos aos animais para poder colocarlle os crotais, e non sempre se dispoñía do tempo para facelo.

Xa dende aquela, as Comisións Labregas loitaron para que fosen gandeiros e gandeiras quen puidesen recoller os crotais na oficina agraria comarcal para colocarllos ao gando. Pola súa banda, a Xunta sempre obstaculizou, dun xeito ou outro, este labor. Por exemplo, aquel gandeiro ou aquela gandeira que decidía colocarlle, persoalmente, os crotais ás súas reses, adoitaba a recibir a visita da inspección o mesmo día que fora á oficina agraria a recollelos.

A cidadanía implícase na loita por un prezo digno para o leite

En marcha un boicot contra os produtos das empresas que teiman en manter os valores á baixa

A finais de agosto, tras dous meses de tirapuxas entre as organizacións agrarias e as industrias lácteas, chegouse a unha calella sen saída na demanda dun prezo xusto para o leite

na Galiza. No punto de mira, tres empresas que porfían en manter o litro en 28 céntimos: Lactalis, Lácteos Lence e Celta. Na recámara, unha estratexia contundente: implicar á

ciudadanía para que boicotee a estas industrias negándose a mercar os seus produtos. Polo de agora, fíxose campaña en cidades como Lugo, Vigo, A Coruña, Ferrol ou Santiago.

O Sindicato Labrego Galego, xunto ás cooperativas e as outras organizacións agrarias, tomaron a decisión de iniciar un boicot comercial ante a negativa das tres empresas a negociar un prezo que cubra, tan sequera, os custes de produción e deixe algún beneficio nas explotacións. En principio, o prezo mínimo que se está a demandar é semellante ao que conseguiron os labregos e labregas de Francia tras poñerse de acordo co sector industrial do seu país: 33 céntimos para o último semestre do ano, o que supón o aumento do 10%, ou un prezo medio anual de 31 céntimos.

Nembargante a Consellería e o Ministerio de Medio Rural fracasaron á hora de acadar un acordo destas características. A pasividade de políticas e políticos favoreceu a cerrazón de Lactalis, Lence e Celta, que teiman en manter uns prezos misérrimos na Galiza que ameazan con afundir un sector do que dependen máis de 100.000 empregos, e que é a base económica do 50% dos concellos de Galicia.

A pesares da importancia económica desta produción, o sector leiteiro da Galiza segue sometido a uns prezos que roldan os 28 céntimos, dos máis baixos no Estado Español, e padece uns ingresos inferiores nun 13,4% aos das explotacións de comunidades veciñas, o que supón unha mingua de 14.465,51 € na súa renda anual.

Por se estas políticas usureiras non abundasen, as industrias están a manter



Así quedou a sección de produtos lácteos no Carrefour de Vigo tras unha xornada de boicot

“mantéñense uns prezos misérrimos que ameazan con afundir un sector do que dependen máis de 100.000 empregos e que é a base económica do 50% dos concellos de Galiza”

claras prácticas de abuso de poder cos produtores e produtoras: ameaza de deixar liñas de recollida, atrasos nos pagamentos, repartimento das rutas, preferencia polo leite foráneo, fixación unilateral de prezos por parte da industria e da distribución, etcétera.

A posibilidade de fixar prezos depende da vontade política

O exemplo francés, onde industrias e organizacións labregas pactaron un valor mínimo de 33 céntimos para o último semestre, ou 31 céntimos de valor medio anual, bota por terra a escusa de que os prezos non se poden pactar na UE, pois os fixa o mercado. De aí que se lle lanzase un reto á Ministra de Medio Rural, Elena Espinosa, que tiña previsto reunirse cos seus homólogos e homólogas da Unión a finais de setembro.

A Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire, declarou

que “a señora ministra ten unha oportunidade histórica para escoitar o boicot cidadán, o boicot labrego, o boicot da Galiza, para que nesta reunión poña sobre a mesa ese control da produción para que non haxa leite a mares na Unión Europea, de maneira que poidan negociar á baixa como queiran; e para que haxa esa regulación dos mercados que inclúa ese prezo mínimo para podermos vivir e que non dependa da desvergonza e da extorsión destas industrias”.

“Imos ir directamente a onde máis lles doe: ás súas marcas comerciais”

Desta vez, non tomaron as estradas os tractores, nin labregos e labregas se botaron por miles ás rúas para facer escoitar as súas protestas. Mais non por iso as mobilizacións foron menos

contundentes nin menos numerosas. Por unha banda, a forza que dá atacar ao punto máis sensible das industrias: os seus ingresos; pola outra, o apoio, medrando, xornada a xornada, da

cidanía, que está a facer súas as demandas labregas e queren rematar coa tiranía das empresas elixindo conscientemente produtos lácteos que deixan un prezo digno en orixe.

O calendario de mobilizacións comezou o 8 de setembro con concentracións diante das plantas procesadoras de Lactalis, Lence e Celta; e campañas informativas a pé de rúa e supermercado para animar á cidadanía a non consumir os produtos destas empresas. Ese primeiro día, falou-se coa xente e identificáronse as marcas boicoteadas en centros comerciais de A Coruña e Vilalba. Ao día seguinte, 9 de setembro, amais das manifestacións nas fábricas, fíxose campaña de boicot en hipermercados de Lugo e Ferrol; facéndose o mesmo na Praza da Quintana e nunha grande superficie comercial de Compostela, o 10 de setembro. Tras un pequeno descanso, o 16 de setembro, continuouse coa campaña informativa de cara a consumidores e consumidoras nun hipermercado de Vigo.

A Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire, lanzou unha mensaxe clara a Lactalis, Lence e Celta sobre o obxectivo destas mobilizacións: “ou empezan por non seguir boicoteando ás nosas explotacións e non seguir boicoteando, polo tanto, a suba do prezo do leite que precisamos para poder vivir, ou senón as súas marcas –Celta, Río, Presidente, Lauki, Leyma, Cremosita, Solar e Société- van ser directamente sinaladas dende o sector lácteo galego, e dende toda a sociedade, para non mercar a quen nos exclúe”. E advertiulles “que teñan claro que non imos abandonar a loita. Desta vez



non imos sacar os tractores e imos ir directamente ao que máis lles doe: as súas marcas comerciais”.

De esquerda a dereita, e de arriba a abaixo: marcaxe de produtos boicoteados no Carrefour de Lugo; campaña informativa na Praza da Quintana, en Santiago; concentración diante da factoría de Lactalis, en Vilalba; pegada de carteis a carón do Parlamento de Galiza, tamén en Compostela.



Labregos e labregas de Francia gáñanlle a batalla á vacina contra a lingua azul

Antoine de Ruffray chegou a experiencia gala nunha xornada informativa organizada polo SLG

O Sindicato Labrego celebrou, o 6 de setembro, unha xornada para informar e debater a problemática causada polas campañas obrigatorias de vacinación contra a lingua azul. O

encontro serviu para compartir a experiencia galega coa dos labregos e labregas de Francia, representada@s por Antoine de Ruffray, membro da Confédération Paysanne e da

coordenadora gala que se opón á obriga de vacinar contra esta doenza e que acadou un importante éxito: a suspensión da campaña de vacinación para o 2011 en Francia.

Nesta xornada constatouse, unha vez máis, e grazas á testemuña de xente afectada, que a vacina contra a lingua azul pode provocar efectos secundarios nos animais como mortes, abortos, cegueiras, coxeiras e outras enfermidades, feito que o Sindicato Labrego ten denunciado en varias ocasións.

Diante disto, un dos obxectivos da xornada foi facerlle ver ás autoridades competentes as dimensións desta problemática e acadar, deste xeito, que se lles dea liberdade ás explotacións gandeiras para vacinar ou para escoller métodos alternativos de prevención da enfermidade.

Neste senso, foi importante contar coa testemuña do exemplo francés grazas á presenza de Antoine de Ruffray, membro da Confédération Paysanne e da coordinadora que se está a opor á vacinación obrigatoria contra a lingua azul. Este colectivo, do mesmo

xeito que está a facer a Plataforma pola Libre Vacinación do Gando que se constituíu no Estado Español en maio, denunciou os intereses económicos dos laboratorios farmacéuticos como principal causa da obrigatoriedade de vacinar. En Francia, grazas ao traballo e oposición desta coordinadora durante os dous últimos anos, acadouse a paralización da campaña de vacinas para o ano 2011. Deste xeito, Francia súmase ao meirande da Unión Europea, onde a vacinación é libre en todos os estados agás o belga e o español.



Na xornada, Antoine de Ruffray falou da victoria dos labregos e labregas de Francia, que no 2011 serán libres de vacinar ou non

Na Galiza, a loita continúa da man do SLG

No noso país e no resto do Estado, a Plataforma pola Libre Vacinación do Gando, da que forma parte o SLG xunto a outras organizacións labregas e veterinarias, vai seguir coa súa loita contra a vacinación obrigatoria e masiva da cabana gandeira. As principais demandas deste colectivo son:

1. A supresión da obrigatoriedade da vacinación contra a lingua azul, seguindo o criterio da maioría da Unión Europea.

2. O cesamento da persecución e presións exercidas aos gandeiros e gandeiras que decidiron non vacinar.

3. O recoñecemento dos danos da vacina e a indemnización á xente afectada.

4. A garantía de eficacia e inocuidade da vacina para quen decida aplicala.

5. O emprego de fondos públicos para a procura de tratamentos alternativos para a enfermidade da lingua azul.

Xornadas de formación

A HISTORIA DO SINDICATO LABREGO GALEGO

22 de outubro / 5 de novembro de 2010

22 de outubro. O Sindicato na etapa da clandestinidade, de 1973 até a legalización en 1977

5 de novembro. Dende a legalización en 1977 até a entrada no Mercado Común Europeo.



Poderán participar as afiliadas e afiliados e as traballadoras e traballadores do Sindicato Labrego Galego. Para participar é imprescindible que te anotes no local do SLG da túa comarca

Postura do SLG diante da proposta de subir os rendementos das viñas na DO Rías Baixas

Martin Codax quería aumentar o rendemento de uva nun 25% nesta colleita, pero só subiu un 8%

No comezo da campaña, os técnicos da DO Rías Baixas estimaban unha redución de colleita global dun 10%, segundo fixeron público os medios de comunicación. A pesares disto, nos pasados días tivo lugar en Rías Baixas unha reunión do Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe, a petición da Cooperativa Martín Codax. O motivo era a pretensión desta adega de subir un 25% os rendementos na produción de uva amparada na DO na presente colleita, cousa que permite o regulamento para anos excepcionais.

O resultado final foi subir un 8% os rendementos, que quedaron fixados para esta colleita en 13.000 quilos por hectárea para toda a Denominación de Orixe.

O Sindicato Labrego Galego valora como moi importante facer pública a súa postura respecto das subas dos rendementos e os riscos que estas medidas poden ocasionar no futuro da viticultura galega. Neste senso, é importante recordar a que foi a nosa postura dende tempos atrás e segue a ser.

1. No SLG seguimos a traballar por unha viticultura de calidade, que é o mecanismo que nos permite prezos razoables como os que estamos a percibir polas nosas uvas. Atrás quedan os anos da viticultura de cantidade na que se nos pagaban prezos ridículos polas nosas producións.

2. A excepcionalidade, de existir, debe ser estudando no concreto aquelas parcelas que se pasan de rendementos, e permitindo esa excepcionalidade só nesas parcelas concretas, respectando sempre os parámetros de calidade.

3. Permitir maiores rendementos, aínda sen existir eses excesos, supón ter a posibilidade legal de meter uvas de fóra, nomeadamente do norte de Portugal, práctica que o SLG rexeita e que ademais é fraudulenta.

Os viticultores e viticultoras non podemos ser cómplices de estratexias empresariais que traerán canda si, nun medio/longo prazo, rematar coa estabilidade do sector e con prezos dignos

para as nosas producións de uvas. Neste sentido, temos que poñer fin á práctica das adegas de reternos as tarxetas durante toda a vendima, para usalas ao seu capricho.

A tarxeta é nosa, debemos presentala cando entregamos a uva, comprobar que o que anotan se corresponde co que entregamos, recolléndoa e volvendo presentala cando fagamos a seguinte entrega. De non ser así, teremos que comprobar se os quilos que vendimos e facturamos ao final da campaña se corresponden cos que a tarxeta reflicte.

Tampouco podemos permitir que se empece a falar dun segundo prezo para as uvas cando se aumenta rendemento, xa que esa é a porta para acabar cos prezos razoables que temos neste momento.

“No SLG seguimos a traballar por unha viticultura de calidade, que é o mecanismo que nos permite prezos razoables como os que estamos a percibir polas nosas uvas”

“Non podemos permitir que se empece a falar dun segundo prezo para as uvas cando se aumenta o rendemento, xa que esa é a porta para acabar cos prezos razoables que temos neste momento”



Manuel Docampo foi o encargado de presentar publicamente o Plan de Apoio ao Sector do Viño do Sindicato Labrego Galego

O Sindicato Labrego Galego presentoulle á Consellaría de Medio Rural un Plan de Apoio ao Sector do Viño

O SLG solicitou da Xunta un Plan de Apoio ao Sector do Viño que teña en conta:

1. Mellora e mantemento dos accesos ás zonas tradicionais de viñado.

2. Campañas para a promoción do consumo responsable do viño entre xente moza e familias, asociado á gastronomía, tanto no fogar como na hostalería.

3. Potenciar o consumo de viño propio fronte ao foráneo, doutras comunidades autónomas, comunitario ou de países terceiros.

4. Axudar a manter e potenciar a cultura do viño, tanto no referente ao patrimonio material como ao patrimonio inmaterial.

5. Elaborar e difundir un vocabulario propio para o sector do viño.

6. Elaborar e difundir metodoloxías propias para a cata e posta en valor dos nosos viños.

7. Medios para impedir a entrada de uvas de fóra de Galiza de xeito irregular.

8. Perseguir a venda de viño sen etiquetar, que normalmente se vende como “viño da casa”, nalgúns negocios de hostalería.

9. Que a Xunta de Galicia traballe politicamente para continuar con medidas de regulación de mercado e parar a liberalización total das plantacións prevista na OCM vitícola comunitaria, moi lesivas para o noso modelo de vitivinicultura.

10. Tomar medidas para impedir que Galiza perda dereitos de plantación, e capacidade de producir.

11. Que a Consellería do Medio Rural impulse e faga de mediadora para normalizar os contratos homologados para as castes que reporten prezos dignos e estabilidade en todas as denominacións de orixe.

O kiwi galego en perigo por culpa das prácticas comerciais de Kiwi Atlántico

A empresa está a pagar 20 céntimos o quilo por un produto que acada entre 2 e 3 euros no comercio

A maior empresa do sector do kiwi, Kiwi Atlántico, abusa de produtores e produtoras ao pagarlles de media a colleita de 2009 a 20 céntimos o quilo por un produto que no mercado se

atopa a 2 e 3 euros. Ao mesmo tempo que isto acontece están a facer grandes plantacións en Chile e Portugal. O resultado desta política de empresa pode ser a desaparición

dos produtores e produtoras galegos, substituíndo a materia prima pola producida a custes mais baixos nestes países, pero usando o prestixio do produto galego.

Os produtores e produtoras de kiwi entregan a froita na empresa Kiwi Atlántico sen pesar, sen calibrar, e sen prezo; dez meses despois, liquídase poñendo a industria os prezos, o peso e o calibre. Tamén se fan constatar as minguas que a empresa estima polo momento cando saíron esas froitas do almacén.

O negocio é redondo para uns empresarios sen escrúpulos disfrazados de empresa modélica. Non só non arriscan nada, xa que poñen o prezo e liquidan as compras de produto ao final da campaña, senón que impiden que os vendedores controlen o peso e o calibre do que venden.



Mentres que o kiwi galego acada prezos entre 2 e 3 de cara ao consumo, o sector produtor embolsa tan só 20 céntimos por quilo

O Sindicato Labrego Galego denuncia este método de compra abusivo por

estar en contra das normas do comercio e por supoñer un roubo ao sector produtor,

quen despois da última liquidación deste pasado agosto estase cuestionando o seguir coas súas plantacións.

Por isto, o Sindicato Labrego insta a Kiwi Atlántico a que na presente campaña:

1. O produto sexa pesado e calibrado á entrada na industria coa presenza do produtor, produtora ou persoa que designe.

2. Se pague un prezo xusto polo Kiwi.

3. Que o pagamento se faga a 30 días da entrega do produto.

4. Que se identifique o kiwi que a propia empresa produce fóra de Galiza, indicando a súa procedencia.

Denuncian varias irregularidades na limpeza de liñas eléctricas en Muxía

Os propietarios e propietarias de varias fincas en Muxía sufriron, en agosto, diversas irregularidades na roza baixo os tendidos eléctricos cos que Fenosa e Electra del Jallas cruzan o municipio. Así o denunciou a veciñanza afectada das parroquias de Coucieiro, Leis de Nemancos, Moraime, A O, Ozón e Vilastose á Consellaría de Medio Rural e á Dirección Xeral de Montes.

Coa lei na man, as empresas eléctricas poden limpar, baixo as liñas de media tensión, unha franxa lateral de seis metros contados dende o centro do poste. Nembargante, segundo se denunciou, os operarios encargados do labor realizaron talas de árbores nunha franxa maior do habitual. Mesmo se negaron a identificarse cando foron requeridos polos donos e donas das fincas. O único que dixeran foi que estaban a facer unha limpeza para a prevención de incendios, algo contradictorio se temos en conta que non retiraron os restos da demouca,

ficando baixo as liñas eléctricas grandes cantidades de elemento combustible.

Outra das posíbeis irregularidades denunciadas foi que a empresa non comunicou aos propietarios nin ás propietarias nada sobre os traballos que se ían levar a cabo nas súas parcelas.

Amáis da roza, tamén se cortaron árbores madeireiras de grandes dimensións e frondosas autóctonas. Case sempre se optou por orientar a súa caída cara ao interior das fincas, polo que se causaron numerosos estragos.

Diante destes feitos, a veciñanza dirixiuse a Gas Natural Fenosa e a Electra del Jallas, sen obter resposta. Por iso, decidiron dirixirse á Consellaría de Medio Rural pedindo información acerca do cumprimento da Lei de Prevención de Incendios en materia de liñas eléctricas, a identificación da empresa que realizou estes traballos, e saber se foi a propia consellaría quen encargou as tarefas de limpeza.



Os operarios deixaron restos combustíbeis en época de maximo risco de incendio

Finalmente, pediúselle á consellaría que lles esixa ás empresas eléctricas que comuniquen aos propietarios e propietarias os traballos que se realizarán nas súas parcelas, facilitando datos como unha persoa de contacto, empresa encargada dos traballos ou a data de execución dos mesmos, para que ámbalas dúas partes poidan estar presentes e constatar que se actúa respectando as prescricións legais establecidas.

Glifosato: O herbicida de Monsanto que non acaba coas herbas e si coa saúde

Esta substancia aparece asociada, entre outros, a efectos canceríxenos e malformacións en fetos

Un estudio da revista científica estadounidense "Investigación Química en Toxicología" revelou que o glifosato produce graves deformidades en embrións de anfibios e polos. Ade-

mais, este traballo advirte que "os resultados comprobados en laboratorios son compatibles con malformacións observadas en humanos expostos a glifosato durante o embarazo".

En 2005, o glifosato era o pesticida máis empregado en todo o mundo e representaba xa, a finais dos noventa, a sexta parte das vendas anuais da multinacional Monsanto.

Só Arxentina consume 190 millóns de litros de glifosato ao ano, principalmente en cultivos de soia transxénica. A pesares do seu masivo, numerosos estudos alertan de que nas leiras no que se usa o glifosato proliferan malas herbas que o toleran.

Cada vez hai máis voces que cuestionan a pretendida seguridade deste produto. Unha serie de intentos de suicidio en Xapón, durante os anos 80, co pesticida Roundup, nome comercial da empresa Monsanto máis coñecido para o glifosato, revelaron que seis onzas do mesmo (uns 150 gramos) eran suficientes para matar a un ser humano. A maiores, xa son moitos os casos que relacionan o glifosato con fraude nas etiquetaxes e nas informacións e con graves danos na saúde. Vexamos algúns:

■ Un estudio da Universidade de California, en Berkeley, atopou que o glifosato é a causa máis común



Cada vez son máis os estudos que certifican a relación entre a exposición ao glifosato con malformacións fetais e cancros

de enfermidades causadas por pesticidas nos traballadores de mantemento.

■ A Axencia de Protección Medioambiental (EPA) clasificou aos praguicidas que conteñen glifosato como clase II, altamente tóxicos, mentres que a Organización Mundial da Saúde describe efectos "extremadamente" irritantes, dando ao glifosato a clasificación de extremadamente tóxico (categoría I).

■ Os laboratorios encargados de estudar a toxicidade do glifosato e as súas fórmulas comerciais foron acusados, pola EPA en 1983, de falsificación rutineira de datos e omisión de informes sobre incontables defuncións en animais. En 1992, o dono de Craven Laboratories foi sentenciado a 5 anos de prisión e unha multa de 50.000 dólares por falsificar os resultados e manipular o

equipamento científico para a obtención de resultados falsos de varios produtos, entre eles o glifosato; os laboratorios foron condenados a pagar 15,5 millóns de dólares por esta causa.

■ Un estudio publicado no *Journal of American Cancer Society* revelou unha clara relación entre o glifosato e o linfoma no Hodkin, unha forma de cancro cada vez máis estendido nos países occidentais.

■ O profesor Joe Cummins alerta da relación entre o emprego do glifosato e a presenza en alimentos cocidos de acrilamida, un potente tóxico neural que afecta á función reprodutiva masculina e causa malformacións conxénitas e cancro.

■ En 2005, a Environmental Health Perspectives sinalou que o glifosato podía ser tóxico para as células da placenta humana a poucas horas de exposición ao mesmo e a uns niveis 10 veces máis baixos do que é usado na agricultura.

Viaxe a Valencia para participar no Encontro Anual de Mulleres de COAG

Os días 29, 30 e 31 de outubro terá lugar o XIX Encontro de Mulleres de COAG, no que haberá espazos de formación sobre os impactos da Política Agraria Común (PAC) nas mulleres labregas e as perspectivas de futuro.

O encontro, que se celebrará en Valencia, tamén contempla visitar lugares de interese da zona e o inter-

cambio de experiencias con outras mulleres agricultoras e gandeiras procedentes de todas as partes do Estado.

Se desexas formar parte da delegación de afiliadas do Sindicato Labrego Galego que participará neste evento, ponte en contacto o antes posible coas oficinas do SLG da túa comarca, dado que o número de prazas é limitado.



■ O Centro Social Aguilhoar aborda a situación da muller rural: O pasado 21 de agosto, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, participou cunha palestra sobre a muller rural no quinto Festival da Mocidade. O evento celebrouse na Sainza (Rairiz de Veiga), organizado polo Centro Social

A voltas co imperialismo forestal

Non deixamos de escoitar, ultimamente, que se a Consellería do Medio Rural non dá datos dos lumes, que se ardeu máis ou menos monte este ano que en anos anteriores; que se investiron máis ou menos cartos na extinción; ou quen é responsábel das perdas, ás veces incalculables, como as vidas humanas.

Dende o Sindicato Labrego Galego, xa estamos fartas e fartos de que a administración faga oídos xordos ás propostas que se lle presentan de cara a apostar pola prevención e non pola extinción, fartas e fartos de facer achegas reais e consecuentes coa visión que temos do monte. Para nós, o monte é parte intrínseca da nosa vida, moramos nel, traballamos nel e non entendemos como unha administración, que parece que só ve no monte eucaliptos e piñeiros, non sexa quen de recoñecer que o camiño é outro.

O camiño pasa por facer prevención todo o ano. Percibir a importancia do sector primario e o valor que ten no desenvolvemento e na riqueza dun país, que é posíbel vivir nel e ter a posibilidade de formar parte activa no mantemento e conservación do noso medio rural.

Os nosos devanceiros vivían do seu e usaban a fondo os recursos naturais e endóxenos, cortando leña ou pacendo na matogueira coas súas veceiras, labores que os mantiñan integrados formando parte da propiedade comunal. Agora, cada vez faise menos leña, non se pastorea, fanse repoboacións fráxiles e descóidase o dereito á propiedade comunal. Temos moita riqueza cultural mal aproveitada.

No SLG partimos da base e do feito de que os montes galegos non poden seguir sendo vítimas dunha política forestal centrada na produción masiva de madeira de baixa calidade e alta combustibilidade.

Esta política aplicada de abandono de toda actividade agrogandeira asociada, para centrarse na produción de madeira para pasta ou para triturar, ou na forestación das terras agrarias do noso país, ten como consecuencia o estado actual do noso monte.

Tamén as políticas agrarias e sociais e a falla de ordenación do territorio, por outra banda, fomentan o grave despoboamento do medio rural e o abandono progresivo da nosa actividade, a costa das súas moitas e variadas posibilidades sociais e produtivas.

Cómprenos, pois, determinar o modelo de monte que necesita Galiza de cara a unha estratexia forestal sustentábel.

■ Por un desenvolvemento íntegro do monte

Partindo desta premisa, dende o SLG vemos como prioritario o traballo de cara a un desenvolvemento íntegro do monte, sobre todo con actividades silvopastorais derivadas do seu uso multifuncional. Dende este punto de vista, o monte sempre é fonte de xeración de emprego das persoas que viven no rural, a través de proxectos con plantacións a marco axeitado para compatibilizar o forestal co pastoreo e os moitos outros usos do monte.

“Para nós, o monte é parte intrínseca da nosa vida, moramos nel, traballamos nel e non entendemos como unha administración, que parece que só ve no monte eucaliptos e piñeiros, non sexa quen de recoñecer que o camiño é outro”

Tamén se deberían realizar plantacións que favorezan o aumento da biodiversidade e a diminución do risco de incendios. Isto debe facerse en detrimento das grandes masas forestais monoespecíficas. Hai que coidar especialmente os bosques de frondosas caducifolias e de sobreiras.

A maiores, desenvolver accións de aumento do valor económico dos bosques diversificando as producións con usos complementarios: froitos, semente forestal, cogomelos, plantas medicinais, mel, lecer, etcétera.

Finalmente, o fomento de iniciativas de mellora das estruturas da propiedade forestal e o fomento de actividades de protección medioambiental.

Só se partimos dunha visión global do monte como ente económico e dinamizador social do noso medio rural, poderemos enxergar a capacidade do noso patrimonio produtivo, sociocultural e ambiental, que corremos o risco de perder e que temos a obriga de manter e protexer de cara as xeracións futuras.



Nesta liña de camiñar cara un concepto do monte moito mais amplo do que parece ter a Consellería de Medio Rural, o SLG vén de traballar activamente a prol da implantación no noso país da Certificación Forestal Sustentable FSC, esa da que tanto se fala e tan pouco se fomenta. O Sindicato Labrego e a Asociación Frouma forman parte do grupo galego de apoio ao FSC dende os seus inicios e, dende xullo deste ano, o SLG pasou a formar parte da xunta directiva, facéndose cargo da secretaría do mesmo Charo Sánchez Parga.

■ Que é a certificación forestal?

A certificación forestal é un proceso de avaliación ao que se somete de forma voluntaria unha unidade de xestión forestal, realizado por unha terceira parte independente (entidade certificadora), que verifica que a xestión do monte cumpre cuns estándares acordados de forma internacional, os principios e criterios do FSC.

■ Por que FSC?

O Forest Stewardship Council (FSC) é una organización independente, non gobernamental, internacional e sen ánimo de lucro creada en 1993, co obxectivo de promover unha xestión forestal ambientalmente responsábel, socialmente beneficiosa e economicamente viábel nos bosques de todo o mundo.

Esta certificación forestal baséase nos principios de transparencia, independencia e universalidade, utilizando estándares internacionais que son aplicados a nivel rexional, avaliados por certificadores externos independentes e sometidos a información pública en todo momento.

Viaxe a Gales para estudar experiencias anovadoras de comercialización leiteira

Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego realizou unha xira formativa polo rural do país británico

Unha comitiva formada por unha vintena de gandeiros e gandeiras, xunto con persoal técnico do Sindicato Labrego Galego, viaxou a Gales (Reino Unido), a finais de setembro,

para estudar, durante unha fin de semana, novas experiencias na produción e comercialización do leite. A viaxe formativa transcorreu polo condado de Pembrokeshire, no extremo

oeste do país, onde os gandeiros e gandeiras puideron ver as explotacións dos seus colegas galeses, amais de diversos exemplos de comercialización de leite e derivados.

A primeira experiencia visitada en Gales, o 25 de setembro, foi a explotación ecolóxica de Roger Ridgway, que se dedica exclusivamente á produción de leite e, xunto a outras vinte familias, crearon a marca Calon Wen e deixaron o proceso de envasado e transformación (iogures, manteiga, queixo) en mans dunha empresa que lles fabrica e distribúe os produtos.

Tamén se puido estudar de preto o proceso de comercialización a pequena e mediana escala grazas á marca Bethesda, procesadora que cada día envasa 4.000 litros diarios das explotacións locais de Narberth; ou a granxa Caerfai, en St. Davids, que produce e vende directamente leite ecolóxico cru de vaca e produtos derivados coma queixos, amais de carne de porco e vacún.

Grazas a estas experiencias, púidose comprobar *in situ* que existen xeitos rendíbeis de comercializar o leite de forma directa, de maneira que se acadan valores engadidos para a produción leiteira.

■ Problemas parellos no Reino Unido e na Galiza

Respecto á posibilidade de que sexan os propios produtores e produtoras quen vendan o leite directamente para consumo, o coordinador dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego Galego, Xabier Gómez Santiso, que tamén asistiu á viaxe, declarou que “está claro que, se ganas o dobre, tes que traballar a metade para ter o mesmo nivel de vida. O que está claro tamén



Dúas instantáneas tomadas na explotación ecolóxica de Robert Ridgway, que produce leite para a marca cooperativa Calon Wen

é que, polo camiño que imos, os gandeiros e as gandeiras, só pola carga de traballo, cada vez están peor. Así que, no marco da reforma da Política Agraria Común e do debate das conclusións do Grupo de Alto Nivel, debemos loitar para buscar solucións, garantindo unha política leiteira que manteña o control da produción, que garanta prezos e que apoie a venda directa

como unha vía máis de comercialización do leite”.

Santiso engadiu que “Gales é un país onde aínda se conserva, extensamente, dende a venda directa de leite cru a outros xeitos de diversificar a actividade da explotación, como a elaboración de pequenos produtos para levar directamente ao mercado ou a produción ecolóxica. Nesta viaxe formativa, estudamos como lles

vai a estas explotacións e como ven o futuro. Danos a impresión de que o problema fundamental do sector leiteiro é o mesmo no Reino Unido que na Galiza, quizais coa diferenza de que aquí, en Gales, están máis evolucionados á hora de pór en práctica novas experiencias de comercialización”.

■ Ciclo de conferencias e un seminario internacional

O importante desta viaxe e do aprendido nela é que non rematou co retorno, xa que a intención do Sindicato Labrego Galego é difundir estas experiencias de venda directa e apoiar e asesorar a aquelas persoas que estean interesadas en pór en práctica algún proxecto deste tipo.

Dende esta perspectiva, o SLG realizará unha serie de dez charlas informativas por toda a xeografía galega durante un mes –do 11 de outubro ao 12 de novembro– que culminarán cun seminario europeo sobre o sector leiteiro en Compostela, en xaneiro de 2011.

Esta actividade está co-financiada pola Dirección Xeral para a Agricultura e o Desenvolvemento Rural da Comisión Europea



COMISIÓN EUROPEA

Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural
Dirección K: Relacións interinstitucionais, Comunicación e Documentación
K1: Comunicación interna e externa



Fiare
Banca Ética

Campaña de Captación de Capital Social

Fiare é un proxecto que nace en 2003 para a promoción da banca ética co obxectivo de crear unha ferramenta de intermediación financeira -en forma de cooperativa de crédito- que vele polo interese común, pola participación e a transparencia, e polo servizo á xustiza. Isto permite dirixir o aforro de persoas, familias e organizacións cara a **proxectos que supoñen unha transformación da nosa sociedade e rescatar o valor social do diñeiro e a actividade económica**, poñéndoos ao servizo dun **mundo máis xusto, humano e sustentable**.

Fronte ao sistema bancario especulativo imperante, Fiare propónse:

- Financiar unicamente actividades económicas con impacto social positivo.
- Ofrecer ao aforrador e investidor responsable a posibilidade de apoiar estas actividades.

Fiare opera guiada pola avaliación ético-social dos proxectos, a transparencia real, o traballo en colaboración coas redes locais existentes e a ausencia do ánimo de lucro.

Desde 2004 Fiare funciona xa como prestadora de servizos financeiros, como axente da Banca Popolare Etica, o que lle permite ofertar depósitos e préstamos

O papel de moitas persoas organizadas e implicadas resulta esencial. Contamos co apoio e traballo de máis de **220 asociacións e de 1.100 persoas** en todo o Estado español.



Asociación Fiare Galiza:

En xaneiro de 2010 constituíuse a territorial galega, Asociación Fiare Galiza.

Algunhas das súas tarefas fundamentais son: fomentar a creación dunha **sólida e ampla base social** e contribuir na **captación de capital social**.

O capital social é o valor monetario das participacións dunha empresa, aportado polos seus socios/as. No caso dunha cooperativa de crédito, requírese da consecución dun capital social mínimo para obter a licenza bancaria, que avalará o seu funcionamento como banca ética. Este é un diñeiro que aportan os socios/as e que poden recuperar.

Como colaborar:

Podemos colaborar de moitos xeitos, todos eles son importantes e necesarios. Son fundamentais as **aportacións económicas**, pero tamén son **indispensables o traballo de difusión e formación**, a cesión dun **espazo** no propio local, etc. Anímate e convértete en:

- **Socio/a promotor/a:** contribúe co seu tempo á construción e difusión do proxecto, participando con voz e voto na toma de decisións.

Achega de capital social: persoa física, un mínimo de **300 €**; persoa xurídica, un mínimo de **600 €**.

Achega de fondos adicionais para gastos de constitución do proxecto (fondo perdido): a partir de **30 €** as persoas físicas, e de **300 €** as persoas xurídicas.

- **Socio/a colaborador/a:** contribúe ao proxecto pero non está en disposición de asumir o compromiso de traballo do socio/a promotor/a.

Achega de capital social: persoa física, **300 €**; colectivos, **600 €**; empresas e institucións públicas, **1.800 €**.

Opcionalmente pode contribuír aportando fondos para gastos de constitución do proxecto (fondo perdido).

As achegas de capital social depositanse nunha conta específica xestionada por Fiare Galiza. No momento en que se vaia constituír a cooperativa de crédito as persoas socias serán informadas de que poden recuperar os cartos se así o desexan. Constituída a cooperativa de crédito, as achegas convertiranse en participacións.



+ info:

Blog: fiaregz.wordpress.com
Mail: fiaregz@proyectofiare.com

Amplíase o prazo de xustificación das axudas á promoción do cooperativismo ata o 15 de novembro

A historia do SLG nunhas xornadas de formación

O 22 de outubro e o 5 de novembro, celebráranse en Compostela unhas xornadas de formación sobre a Historia do SLG.

Nestas xornadas poderán participar as afiliadas e afiliados e traballadoras e traballadores do Sindicato Labrego.

■ **22 de outubro.** O Sindicato Labrego na etapa da clandestinidade (1973 até a legalización en 1977).

■ **5 de novembro.** Dende a legalización (1977) até a entrada no Mercado Común Europeo.

Para participar é imprescindible que te anotes no local do SLG da túa comarca.

Suba do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)

A partir do 1 de Xullo de 2010 os tipos impositivos do IVE cambiaron, quedando así:

Xeral: do 16% pasa ao 18%.

Reducido do 7% pasa ao 8%.

Superreducido mantense no 4%, sen cambios.

Tamén se incrementaron as por-

centaxes do I.V.E. de compensación aplicables o réxime especial de agricultura, gandería e pesca:

Para **explotacións gandeiras e pesqueiras** pasa do 7.5% ó 8.5%.

Para **explotacións agrícolas ou forestais** pasa do 9% o 10%.

LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVISEN FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal. **Infórmate e tramítala no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.**

Plans de mellora de explotacións e incorporación de mozas e mozos á actividade agraria

Para mozas e mozos menores de 40 anos que se vaian incorporar ou se incorporasen dentro dos seis meses anteriores á actividade agraria, así como titulares de explotacións (persoas físicas ou xurídicas) que vaian realizar investimentos en maquinaria, obras e outras melloras para a explotación.

Para a aprobación das solicitudes que inclúan obras para as

que sexa necesario obter licenza, esta terá que aportarse antes do 1 de Decembro de 2010.

O prazo de solicitude destas axudas para os casos de primeiras instalacións de mozos ou mozas motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do/a actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-12 xovencas de Rubia.
-1 tractor John Deere 2850 con pa
-1 encintadora suspendida nova marca WOLAGRI
Chamar ao 660 757 070 (Arzúa)

Véndese

-Preciosos cachorros de caza e compañía. Cruce de Hispano Bretón e Setter inglés.
Chamar aos números de teléfono 981 623 006 e 685 545 098

Véndese

-Touro Limousin novo.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Véndese

-Xovenca de 8 meses.
Preguntar por Tomasa no teléfono 982 144 294

Véndese

-1 becerra marcada en ACRUGA
-2 da raza Blonda Aquitania.
Chamar ao 982 391 008

Véndese

-Xovenca frisona próxima ao parto.
Chamar ao 647 211 507

Véndese

-Vaca de 5 anos con cría de 6 meses.
Chamara ao 982526886

Véndese

-Rolos de palla (Baroncelle, Abadín)
Chamar ao 982 178 970

Véndese

-Cans de raza Pastor Alemán.
Chamar ao 697294144

Véndese

-Cabalo.
Chamar ao 648 187 857

Véndese

-Tractor Class 110 cv, de 3 anos.
-Grade rotativa, Kun, 3 metros.
-Cisterna Carruso, 8000 litros.
-Autocargador Class.
-Rotativa 2.20 metros.
-Abonadora Kun 600 kg.
-Arado 2 metros.
Chamar ao 677 244 325

Véndese

-Vacas e xovencas da raza frisona
Chamar ao 677 244 325

Véndese

-Tanque de frío de leite de 250 litros e segadora rotativa de 2 discos e 1,85 de traballo
Chamar ao 982 154 274

Véndese

-Tanque de frío marca Stork, capacidade 500l. Bo estado. Prezo 650€
-Circuito marca ALFA-LAVAL 3 puntos, Bo estado. 300€
Chamar ao 982 144 078 ao mediodía ou á noite

Véndese

-Tractor MASSEY 165
-Subsolador de marca YIMPA
Chamar ao 696 004 515

Véndese

-Vacas rubias
Chamar ao 689 752 400

Véndese

-Vacas e xovencas frisonas: boa xenética, control leiteiro, produción media 10.370 litros, calificación media 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frío POLIFRIO 2.500l.
Chamar ao tlfno 610 962 132, 626 250 993 ou 981 196 919

Véndese

-Quad Yamaha Wolverine 450 C.C. 4x4. Ano 2007. Impecable
-Quad Suzuki Itz 250 C.C. semi-automático. Ano 2007. Moi bo estado.
Chamar aos números de teléfono 661 808 545 e 661 808 546

Véndese

-Autocargador marca Calagri de 22 m³, freo e descarga hidráulica, rodas anchas.
Chamar aos número sde teléfono 981 196 875 e 696 699 883

Véndese

-Vacas frisonas por cese explotación
Preguntar por Enrique no teléfono 636 256 131

Véndese

-BERTOLINI con arrobadera para limpeza de eestablos. Prezo 700 €.
Chamar ao 626 809 998

Véndese

-Desbrozadora marca FERI. En bo estado.
Chamar ao 650 322 719 (Zona Monfero)

Véndese

-Cachorros raza POINTER para caza. Económicos.
Chamar ao 646 073 487

Véndese

-Tanque de Frio. Capacidad 500 litros.
Chamar ao 676 810 396

Véndese

-Sala de muxir seminova
-Moto ONDA 125 XR seminova
-Colmeas
Chamar ao 648 187 857

Véndese

-Enroladora de cintas marca JOHN DEERE modelo 350, moi bo estado, prezo a convir.
Chamar aos números de teléfono 630 528 721 e 982 14 41 82

Véndese

-Circuito de muxido Alfa-Laval, de 3 puntos.
-Tanque de frío PACKO, de 850 litros, con refrixeración por auga.
Preguntar por Isidoro no teléfono 646 857 468

Véndese

-Pa TENIAS serie 200, modelo B2 con terceira función (impecábel).
-Pa TENIAS para tractores de simple tracción, de 3 botellas (en bo estado).
Chamar ao 650 158 948 (Zona Curtis)

Véndese

-Rotoempacadora GALLINANE modelo 5200. Bo estado.
Chamar ao 609 311 416

Véndese

-Vacas cachenas.
Chamar ao 616 006 686 (As Nogais)

Véndese

-Colleitadora de patacas (Grímel 650, con tolva alta e cinta)
-Debrozadora (3 regos) de patacas
-Tractor Jhon Deere 1635 con pala
-Repartidor de Abono
-Regadío con motor de 14 c.v.
-Remolque (10.000 Kg)
Preguntar por Perfecto no tlfno. 619 904 183 (zona Xinzo de Limia)

Véndese

-Máquina para a herba (ou toxos)
--Autocargador CAMPERO (bo prezo e en bo estado)
Chamar ao 981 793 513 e ao 608 551 543 (Zona Aranga)

Véndese

-Autocargador KRONE TURBO 2900.Zona de Oroso.
Chamar ao 981 695 588

Véndese

-Sementadora de herba de 3 m con ou sen grada
-Sementadora de millo de 4 regos.
Chamar ao 639 443 717

Véndese

-Rolos de herba seca (Santa Cristina, Cospeito)
Chamar ao 982 505 755

Véndese

-Máquina para limpar o trigo, muiño eléctrico e arado gravante.
Chamar ao 982 175 132

Véndese

-12 novillas rubias, preñadas.
Chamar ao 660 757 070

Véndese

-Silo de pienso de 6.500 kilos, con división interior; soldado en aceiro inoxidable.
Preguntar por Paco no número de teléfono 982 137 525 (Ribadeo)

Véndese

-Tractor marca FORD 7610 DT.
-Tractor marca FIAT 9090 DT.
-Rotoempacadora DEUTZ FARH modelo NT 130.
-Rotativa TZ de 2,30 de corte.
Preguntar por Xosé Antonio no 696 718 076

Véndese

-FIAT 1380 DT con pala ou LEON , con cazo, galleta e pincho.
Chamar ao 982 177 854

Véndese

-Vaca próxima ao parto
-Fresadora de 1,30
-Arado de gancho
Chamar ao 981 798 681

Véndese

-Frisonas próximas ao parto.
Chamar aos números de teléfono 982 157 768 e 697 422 304

Véndese

-Vacas FRISONA con carta e mais novillas por xubilación.
Chamar ao 686 878 699 (Zona Betanzos)

Véndese

-Vacas de carne (RUBIA GALEGA) mais un touro. Por xubilación.
Preguntar por Guillermo no teléfono 981 790 331 (Cesuras)

Véndese

-Fresadora modelo HONDA FG-400. Moi poucas horas de traballo. Prezo a convir. Redondela.
Chamar aos números de teléfono 617 921 921 e 986 405 013

Véndese

-Poldra.
Preguntar ao mediodía por Xosé no 981 694 839

Véndese

-Encintadora SUPER TINO con bomba independente .
-Rotoempacodora CLASS ROLLANT 46 .
Chamar aos números de teléfono 699 290 176 e 609 864 738

Véndese

-Remolque espaxedor matriculado.
Preguntar por Luís no teléfono 606 648 619 (Betanzos).

Véndese

-Autocargador MERLINI 22 m.
Chamar ao 981 500 608

Véndese

-Tractor Barreiro 7070. Moi bo estado e bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

Véndese

-Cabritos de 3-4 meses.
Preguntar por Andrés no teléfono 686 164 955 (Tomiño)

COMPRAS

Mércanse

-Cornadizas e separadores de cubículos.
Chamar ao 982 410 508

Mércase

-Tanque de frío para dous muxidos (entre 400 e 700 litros).
Chamar ao 653 315 659

Mércase

-Muiño de cereal eléctrico.
Chamar ao 659 66 13 42

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Necesítase

-Persoal para traballos con maquinaria na zona de santiago.
Chamar ao 638 082 792

Ofrezco

-a cambio de coidados, 25 hectáreas de terra no Concello de Castroverde, para instalarse unha parella na actividade agraria e vivenda para compartir
móbil 647.21.15.07

Ofértanse

-Dous traballadores para calquera tipo de traballo en explotación agraria.
Preguntar por Manuel no teléfono 689 289 158

Realízanse

-Traballos agrícolas e forestais.
Chamar ao 606 648 619 (Luís de Vilamourel). Zona Betanzos.

OUTROS

Traspásase

-Explotación de leite (85.000 kilos de cota) Zona Santiago
Chamar ao 677 244 325

Alúgase

-Casa pequena de pedra en Grañanova, Meira (Lugo).
Tlf. 646 857 468 (Isidoro)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Alerta na sementeira de millo no 2011!!

Unha das ameazas máis sérias coas que nos enfrontamos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos. Agora, está empezando unha forte presión para que sementemos millos transxénicos. Ofrecemos algunhas das razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resemantar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos van cambiar, **porque estamos falando de sementes artificiais que se conseguen en laboratorios introducíndolles xenes doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como é cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo van quedar no millo e que as vacas van comer. Isto, ademais de supoñer un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcos, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

Nomes comerciais do millo transxénico MON 810

FOGGIA	DKC5784YG	KARTERYG	ES BLASON
ACCUA YG	DKC5018YG	KAVALAYG	PR31D61
ARENA YG	DKC6041YG	KURATUSYG	PR31N28
ARISTIS BT	DKC6675	LG3711YG	PR32G49
ASTURIAL BT	DKC6667YG	MAS52YG	PR32T86
AZEMA YG	ES ANTALYA YG	MAS58YG	PR32W04
BELES SUR	ES ARCHIPEL YG	MAS60YG	PR33B51
CAMPERO BT	ES MAYORAL YG	MAS71YG	PR33P67
CARELLA YG	ES CAJAUYG	PR35Y69	PR33Y72
ES PAOLIS YG	ESMILONGAYG	PR36B09	PR34N44
HELEN BT	LUSON BT	SF1035T	PR34P86
JARAL BT	KADENAYG PONCHO	SF1112T	PR35A56
EVOLIA YG	KARDANYG	SF4701T	* * *

Eu non semento millo transxénico. E ti?